







CONVOCATORIA CURSO DE XUÍZ DE LIÑA

A Federación Galega de Voleibol, a través do Comité Técnico Galego de Árbitros, convoca o curso de Xuíz de Liña.

A maior presenza de equipos galegos en Competicións nacionais, nas cales é un requirimento de obrigado cumprimento a presenza de xuíces de liña durante os encontros, e dentro das funcións atribuídas o Comité, propónse a Xunta Directiva de esta Federación e o Sr. Presidente a celebración de este curso.

PLAN DE ESTUDOS

As materias que se impartirán durante o curso son as seguintes:

-  Regulamento Comentado
-  Técnica de Anotación
-  Normativa
-  Os Xuíces de Liña

O total de horas do curso é de 11 horas, repartidas en 3 días.

DATAS E HORARIOS DE CELEBRACIÓN

As datas de celebración son o 29 e 30 setembro e o 1 de outubro (3 días).

Os horarios serán de 16:00 a 20:00 horas o s días 29 e 30 de setembro e 3 horas o día 1 de outubro.

FORMATO DO CURSO

O curso terá formato on-line, polo que os participantes terán que ter obrigatoriamente un enderezo electrónico e dispor de un ordenador ou ferramenta similar dotado de conexión a internet, micrófono e altavoz ou auriculares e cámara de vídeo. A plataforma utilizada será Zoom, de balde en todas as plataformas.

Os participantes deberán estar conectados durante a duración das clases, coa cámara activada e deberán responder as peticións que o profesorado lle poda dirixir.









PROFESORADO DO CURSO

O Curso será impartido por árbitros Nivel II e Nivel III con experiencia na competición e nas tarefas de Xuíz de Liña.

CRITERIOS PARA A OBTENCIÓN DO APTO

Para poder obter a cualificación de apto e así ter o curso pasado, é preciso cumprir os seguintes criterios:

-  Ter asistido o 100% das clases.
-  Presentar os traballos que soliciten o profesorado.
-  Ter superado o total das materias impartidas.
-  Realizar 5 encontros de práctica, amigables ou de competición oficial.

INSCRIPCIÓN NO CURSO

As persoas interesadas en participar no curso deben ser maiores de 16 anos ou cumprilos durante o 2020.

Para formalizar a inscrición, débese enviar o modelo G-13 II que se atopa publicado no apartado de descargas de FGVb, e envialo cumprimentado a conta de correo de arbitros@fgvb.es antes do día 28 de setembro as 13:00 horas.

O custe do curso é de 25,00€ por asistente. O ingreso farase na conta da Federación Galega de Voleibol:

Banco de Sabadell
ES71 0081 0499 6400 0137 8440

Xunto co modelo G-13 II deberase axuntar o xustificante de ingreso.

CANCELACIÓN DO CURSO

A Federación Galega de Voleibol reservase o dereito a suspender o curso, por falta de participación ou calquera outra circunstancia que poida impedir a súa correcta organización. En tal caso, informarase do feito os inscritos e faranse os abonos das cotas xa abonadas, sen que proceda calquera outra indemnización.